

Un conxunto de oito relatos conforman *Que desfeita!*, un novo libro da autoría do inglés Paul Jennings, traducido agora para a nosa lingua por Dolores Martínez Torres, e publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Arbore." Da mesma forma que acontecía en *Vai che boal*, tamén neste novo volume o absurdo é quen se apodera das historias para ofrecerlles aos lectores textos que, partindo da vida cotiá, buscan acubillo no surrealismo, forma de expresión que tenta sobrepasar o real impulsando con automatismo psicológico o imaxi-



na-
rio e o
irracional, de
modo que os protagonistas das historias –ao

Sobrepassar o real

O absurdo como válvula de escape

MARÍA NAVARRO

cabo, rapaces con algunha que outra aquela física ou emocional – recorren á fantasía para darlle solución a situacións, cando menos, controvertidas. Así, en "O calvo", Adam Hill encobre que con trece anos non sabe ler nin escribir; mentres, en "Soñar esperto" m é Simón Parulo quen tenta vencer o cualificativo de "petardo" co que o alcumano colexio; en "Lectores

de mente", Bomber non pode evitar saber que é o que pasa ao seu redor; en fin, en "Muller tiñas que ser", Sally, única rapaza da súa clase, tenta superar os seus compañeiros axudada dun pisapapeis – talismán que pertencera á súa tía Esso xa falecida.

A fantasía como recurso capaz de explicar fenómenos estraños, o absurdo como válvula de escape e o fino humor como unha sorte de estado de ánimo ideal convértense en tres constantes presentes no libro que xa no título anticipa dalgún modo o desbaraxuste que imos atopar entre o que se conta e a realidade, sempre ou case sempre imprevisible.

JENNINGS, Paul, *Que desfeita!*, Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP: 12 €